

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente
(PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PsdeG-PSOE:

D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D^a. Jessica Méndez Sánchez
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez
D^a. María Penélope López Díaz (*- auséntase a partir do
punto 5 da orde do día)
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Susana Amor Fernández
D. Abraham Seijas González
D^a. Cristina Pardo Portos

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Alfonso Rico Vereá
D. Antón Prieto García (*- auséntase a partir do punto 4
da orde do día)

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera (*- auséntase a partir
do punto 3 da orde do día)
D. Gonzalo Méndez Mosqueira (*- auséntase no punto
5.4 da orde do día)

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. María Alicia Ferreiro Varela
D. Eduardo José Mourelle Botana
D^a. Sandra María Marzoa García

Secretario:

D. José Villán Fuertes

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás trece horas e trinta e sete minutos (13:37 h) do día trinta de marzo de dous mil vinte e tres (30/03/2023), reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral e a Interventora municipal.

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES:

1.1.- Sesión ordinaria de data 26/01/2023

Sometido a votación, por dezanove (19) votos a favor e dúas (2) abstencións, do concelleiro do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sr. Suárez García, e do concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Prieto García (por non estar presentes na sesión), o Pleno municipal aproba a acta da sesión ordinaria celebrada o 26/01/2023.

1.2.- Sesión extraordinaria de data 10/02/2023

Sometido a votación, por vinte (20) votos a favor e unha (1) abstención, do concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Rico Vereá (por non estar presente na sesión), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria celebrada o 10/02/2023.

1.3.- Sesión ordinaria de data 23/02/2023

Sometido a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno municipal aproba a acta da sesión ordinaria celebrada o 23/02/2023.

1.4.- Sesión extraordinaria de data 03/03/2023

Sometido a votación, por vinte (20) votos a favor e unha (1) abstención, do concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Prieto García (por non estar presente na sesión), o Pleno municipal aproba a acta da sesión extraordinaria celebrada o 03/03/2023.

2.- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO SR. CHOUCIÑO GARRIDO CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA O 06 DE FEBREIRO DE 2023, POR MEDIO DO CAL SE APROBOU A LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO COMPLEXO DEPORTIVO NO MONTE COSTA ASINADO O 06 DE MAIO DE 2003 ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E A EMPRESA CLUB DE CAMPO AS MARIÑAS, SA. DESESTIMACIÓN. (C.I. FACENDA 23/03/2023)

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural do 23/03/2023, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17/03/2023 (código de documento UCP17I007V), contida no expediente electrónico UCP/2019/518.

A concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, fai unha presentación da proposta e di que en sesión celebrada o 6 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, aprobou a liquidación do contrato de explotación de xestión e mantemento do Complexo Deportivo do Monte Costa; que o día 22 de febreiro de 2023 o Sr. Chouciño Garrido presentou un recurso de reposición contra o devandito acordo adoptado en Xunta de Goberno Local; que o recurso conclúe coa solicitude de que se teña por interposto en tempo e forma, que se emitan novos informes, que se inicie un procedemento de depuración de responsabilidades e que se suspenda a execución do acto recurrido en tanto non se resolva o mesmo; que o recurso de reposición foi presentado por persoa con lexitimación para elo dentro do prazo establecido e que o órgano competente para a resolución deste recurso é o Pleno; que unha vez examinados os motivos de impugnación aducidos no recurso e visto o expediente, o informe emitido polo xefe de servizo de economía e facenda e o preceptivo informe do secretario xeral emitido cunha nota de conformidade ao mesmo, enténdese que o acordo da Xunta de Goberno Local obxecto do recurso de reposición non contravén norma legal algunha; que o recurrente pide que se suspenda a execución do acto recurrido en tanto non se resolva o recurso; que tendo en conta que por medio da aprobación do acordo que se propón se resolverá o recurso e que, con tal acto finalizaría o posible prazo de suspensión de execución do acordo recurrido e polo tanto non sería necesario que o órgano de contratación se pronuncie sobre a suspensión solicitada toda vez que coa adopción do acordo desestimatorio do recurso de reposición poñerá fin á duración da mesma. Con base en todo o exposto propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- *Desestimar o recurso de reposición presentado polo Sr. Chouciño Garrido polos motivos sinalados nos fundamentos do informe sinalado na consideración terceira desta resolución.*

- *Denegar ao perder a causa da suspensión solicitada da execución do acordo por medio do cal se aprobou a liquidación do contrato posto que a solicitude de suspensión se realizaba "entanto non se resolva o recurso" e neste acordo se resolve o mesmo, polo que a posible suspensión tería chegado ao seu término.*

- *Notificar o presente acordo ao recurrente, acompañado do informe que lle serve de motivación, con indicación da forma e prazo para formular recurso contencioso-administrativo.*

A Presidencia abre a quenda para o debate

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o goberno municipal non quería que a liquidación da Garrocha se debatese no Pleno e que por iso delegou, ao principio do seu mandato, na Xunta de Goberno todo o relativo a concesións administrativas xa que na Xunta de Goberno só están os membros do goberno municipal e non está a oposición para erguer a man e falar. Sendo unha cuestión delegada polo Pleno esa sesión da Xunta de Goberno

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

tiña que ser pública por obriga legal. O goberno municipal publicou a convocatoria da sesión un venres ás seis da tarde para que se celebrase o luns ás 13.30 horas. Cre que a sesión non se retransmitiu como se fai co Pleno. Van acumulando intentos de sacar isto da luz pública pero o BNG vai facer que este tema se trate no Pleno.

A Garrocha son unhas instalacións públicas en terreos cedidos pola Deputación coa condición de destinalos a usos deportivos no Monte Costa. As instalacións foron cedidas en réxime de concesión á única empresa que se presentou a concurso para explotación de deportes hípicas no ano 1999. Tiñan que pagar un canon de 24.000 euros anuais os cinco primeiros anos e de 12.000 euros anuais os anos restantes a partir do quinto. Ese canon non foi case nunca pagado, e houbo problemas desde a primeira anualidade para cobralo. Había un aval de 120.000 euros para responder dos impagos e das diversas cuestións económicas que puidera haber. No ano 2012, debido ás presións do BNG, o novo goberno inicia o rescate da concesión, habendo nese momento unha débeda acumulada de 122.000 euros, non prosperando nese momento porque a quen rescatou o Sr. Sacristán foi ao Sr. Rioboo e o expediente de rescate da concesión durmiu o sono dos xustos. No ano 2018, despois de dous anos de loita do Sr. Chouciño Garrido para obter información de cómo estaba a situación, rescátase a concesión. Nos informes de rescate da concesión a interventora e a secretaria, en informe conxunto, indicaban que había que depurar responsabilidades; unha depuración que o goberno municipal nunca quixo facer a pesar de que o BNG o propuxo varias veces. Só o canon impagado naquel momento ascendía a 326.000 euros, sen que se lle tiveran reclamado nunca cada unha das anualidades. O BNG colleu a palabra da proposta da interventora e da secretaria e levouno á fiscalía despois de que o goberno municipal non quixera iniciar un expediente de depuración de responsabilidades instado polo Pleno. A fiscalía estimou indicios de prevaricación e presentou denuncia no Xulgado de Instrución e que alí está desde o ano 2018. Nese momento faltaba a liquidación, unha vez feito o rescate da concesión, porque había que valorar se había que reclamar máis cousas que o resultante económico líquido e monetario dos impagos do canon. Había que ver canto debía a empresa despois de non ter feito ningún mantemento das instalacións, que se deterioraron tremendamente nos anos que exerceu alí, canto deixou de investir o comprometido no contrato público e se había outras posibles débedas. Había un informe técnico inicial do xefe de urbanismo, motivado conforme a normas do colexio de arquitectos, que dicía que o deterioro das instalacións ascendía a tres millóns de euros. O goberno municipal, non conforme con ese informe, acudiu a outro técnico, curiosamente unha persoa que tiña un expediente sancionador iniciado por unha denuncia dun particular, que determinou que o deterioro das instalacións era só dun millón de euros; polo que o goberno municipal pide un terceiro informe para gardar as apariencias. Deberían aclarar por que lles interesa que o que hai que reclamar á empresa ex concesionaria sexa menos e non sexa máis. Para o BNG está claro que lle preocupan máis os posibles imputados e as responsabilidades polas que terán que responder na vía xudicial que os intereses da veciñanza e as arcas municipais. Estes son os verdadeiros motivos polos que o goberno municipal propón no día da sesión que se está a celebrar rexeitar o recurso do BNG que lle reclamaba que non había motivación para escoller o informe do deterioro das instalacións máis baixo e tampouco había motivo para non reclamar os 700.000 euros que a empresa tiña comprometido investir nas instalacións durante a explotación e que deberían reverter no Concello ao remate da concesión. Polo medio desto está o "ruxe ruxe" que sempre escoitan de que o que realmente había na Garrocha era a preparación dun pelotazo urbanístico, xa que a empresa que se fai coa maioría da propiedade da sociedade adxudicataria da concesión, mediante a suscripción da totalidade da ampliación do capital desa pequena sociedade limitada, é propietaria dos terreos da zona adxacente ás

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

instalacións; onde se pretendía facer unha determinada operación urbanística. Quere deixar constancia que o BNG vai votar en contra de que se rexeite ese recurso porque o goberno municipal debería estimalo, facer caso do que lles pide o BNG e xustificar por que se escolle a valoración máis baixa do deterioro das instalacións e por que renuncian a sumar os 700.000 euros comprometidos pola empresa. Faltaría reclamarlle o tres por cento dos beneficios que debería ter rendido diante do Concello a concesionaria cada un dos anos. Contas que non presentou nunca e que o goberno municipal nunca lle reclamou e a iso lle deberían sumar o canon.

O concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Prieto García, adianta que o voto do seu grupo vai ser en contra do rexeitamento do recurso. A pesar da forma, coinciden co grupo de goberno en que o motivo de suspensión non podería proceder pola formulación do recurso. Entenden que o fondo que existe no caso da Garrocha tería que ser valorado pola Corporación, e non se fixo no seu momento. Desde o BNG levan pedindo a revisión da liquidación moito tempo e o PP, ademais da fase de liquidación da revisión, tamén solicitou en multitude de ocasións información relativa á administración concursal e non se lles deu. Tamén pediron información concreta sobre se se iniciara algún tipo de acción contra a administración da mercantil. Avisaron nun Pleno, hai ano e medio, que se non estaba prescrita a responsabilidade á que se refire o artigo 241 bis da Lei de sociedades de capital, estaba a punto de prescribir; e preguntaron se se actuara. Non se lles contestou e lle gustaría que, agora que van intervir, se lles poña ao tanto e se lles diga se se executou por parte do concello, da administración ou dalgún acredor contra a Garrocha este tipo de accións.

En relación ao recurso do BNG, desde o PP entenden que hai que esixir responsabilidades. Hai un órgano que é o administrador concursal que no seu informe de valoración xa declarará a culpabilidade ou non da administración. Xa se condenará ou non en vía xudicial; pero consideran a actitude do Concello totalmente negligente. Pode entender que se valgan dun informe dun técnico municipal; pero se desde diferentes grupos se lles están a propoñer varias opcións, que nin sequera se entren a valorar outros marxes de actuación ou se reconsidera a postura en canto as taxacións económicas deste procedemento, é negligente. Están deixando perder case dous millóns de euros de diferenza máis o canon que nunca se reclamou. Queren saber por que nunca se reclamou ese canon, saber se está incorporado na vía concursal, saber se na fase da liquidación obraron dalgunha maneira concreta e saber se no tocante á responsabilidade dos administradores da mercantil actuaron ou se prescribiu a acción.

A Sra. Iglesias Becerra, concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, di a proposta ao Pleno é a desestimación dun recurso de reposición interposto polo Sr. Chouciño Garrido contra a liquidación do contrato de explotación do Complexo Deportivo Monte Costa. Destaca que o expediente conta con todos os informes preceptivos: da tesoureira, da intervención e da secretaría e cos informes que se xulgaron necesarios para resolver, constando no expediente a xustificación da conveniencia para reclamalos e que, con base no mesmo, aprobouse a liquidación. Estaba xustificado o motivo polo cal se pediron os tres informes técnicos. O servizo encargado do mantemento das instalacións municipais é ao que se lle pediu o informe para resolver este recurso. Xa existía un informe precedente, pero non fora feito nesta fase de liquidación senón con anterioridade á toma de posesión no procedemento de resolución. Como se viu que a diferenza era moi elevada encargouse un novo informe ao Servizo de asistencia a municipios da Deputación que foi elaborado por un arquitecto e un aparellador que se aproximaban moito máis ao informe que se ditara polo servizo encargado do mantemento das instalacións municipais,

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

que era o preceptivo que había que solicitar neste caso. Como se solicitou para resolver a discrepancia que había entre ambos informes, este é o informe que se adoptou para a resolución da liquidación, tal e como explica o técnico xefe do servizo de economía e facenda amplamente no informe que fixo para resolver esta liquidación. Ditos informes foron elaborados por técnicos cualificados e neles consignan, concretan e especifican os aspectos que se teñen que ter en conta para chegar ás conclusións expresadas nos mesmos. A interventora, a tesoureira e o secretario municipais estenderon unha dilixencia, en resposta a unha pregunta do Sr. Alcalde, facendo constar que no expediente estaban todos os informes preceptivos e que a proposta de liquidación á Xunta de Goberno Local do 20 de decembro de 2022 se axustaba aos criterios informados polos técnicos municipais. A liquidación do contrato foi tramitada e aprobada polo órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local. Non se está facendo unha nova liquidación nin alterando o seu contido; polo que non se entende que sigan insistindo na necesidade de emitir novos informes. Non teñen nada que ocultar e se quixeran non traer este recurso ao Pleno sería moi fácil xa que o puideron meter na delegación de competencias, pois non hai nada que impida que se delegue na Xunta de Goberno Local a resolución dos recursos. Houbo unha total transparencia, tratándose da resolución dun contrato que se trouxo a Pleno, unha liquidación dun contrato que se fixo como era preceptivo en Xunta de Goberno Local coas portas abertas e o Sr. Chouciño Garrido sí sabía que había Xunta de Goberno Local, pois ademais houbo unha comisión informativa previa na que se lle informou sobre esta liquidación, e non foi. En calquera caso a liquidación foi tramitada e neste momento están a desestimar o recurso do Sr. Chouciño Garrido, tendo en conta que se basea en criterios totalmente subxectivos e que carece dunha valoración concreta probatoria que fundamente a incorrección da liquidación ou dos termos dun informe específico emitido a tal fin. É dicir, que o sr. Chouciño Garrido non motiva no recurso os motivos polos que se opón. Presenta o recurso para traer este tema ao Pleno porque sabe que a liquidación está feita correctamente con base nos informes que obran no expediente

Ao Sr. Prieto García cre que está a confundir dous temas diferentes de liquidación que se levan a cabo cando está a falar de procedementos concursais. Non lle consta a existencia dese procedemento concursal e non lle consta que se dirixira ningunha reclamación contra os administradores da sociedade.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, replica que o BNG trae este recurso para que se fale del no Pleno. Pregúntalle á Sra. Iglesias Becerra se lle parece pouco motivo. Lembra o titular de prensa que deu a persoa que realmente traballaba na explotación e que era un subarrendado, unha situación que o goberno municipal debería aclarar se realmente coñecía. Esa persoa dicía que o Sr. Alcalde tiña os seus "*chanchullos e deixaba facer*" ou algo así cre que dicía aquel titular. O goberno municipal debería aclarar se eran conscientes de que aquela persoa estaba subarrendada, algo prohibido pola lei de contratación xa que non se pode ter unha concesión administrativa e subarrendala, e o concesionario lle estaba cobrando polas instalacións cando el non lle pagaba o canon ao Concello, o que representa o absurdo do absurdo, unha situación totalmente rocambolesca. A Sra. Iglesias Becerra lle parece mal que fagan vir a Pleno este tema cun recurso totalmente motivado e o goberno municipal decide se é competente o arquitecto, o técnico de urbanismo ou o técnico de medio ambiente xa que non houbo ningunha persoa que dixera que administrativamente correspondera a un ou a outro e decidiu o goberno municipal a quen pedilo. Na famosa dilixencia os tres habilitados nacionais subscriben o que vai nos informes dos técnicos; e pregúntalle á Sra. Iglesias Becerra se sabe de que técnicos e de que informes fala, pois entre eles está o

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

informe conxunto de Intervención e Secretaría que di que procede depurar responsabilidades. Polo tanto, se o goberno municipal quere acollerse á literalidade do que dicía ese escrito, debe empezar canto antes e se pode facer unha moción de urxencia nesta sesión instando a depuración de responsabilidades. Pregúntalle á Sra. Iglesias Becerra se estarían de acordo ou se desta vez tampouco queren, engadindo que cre que non. Respecto do comentario de que el non foi á Xunta de Goberno, quere aclarar que os concelleiros da oposición non teñen dedicación exclusiva ao Concello, que teñen os seus traballos dos cales viven e que a súa actividade política a teñen que compatibilizar con eles. Se o goberno municipal publicita ás seis da tarde dun venres, en horario fóra do horario laboral e con dous días inhábiles despois, como unha persoa avisa no traballo que se vai ausentar a unha e media do luns para ver como o goberno municipal sen ningunha intervención di que está todo ben e que o van sacar adiante para pechar o tema que xa está fastidiando. Non estaría mal que antes das eleccións saíra algunha cuestión xudicial e dixera se efectivamente hai indicios de prevaricación. Non sabe se a risa da Sra. Iglesias Becerra é unha risa nerviosa porque poida ter algunha relación ou se os silencios dalgúns dos seus compañeiros poden ser preocupados por esa cuestión. Remata a súa intervención lembrando que votan en contra de rexeitar o recurso de reposición xa que ten total procedencia.

O Sr. Prieto García, concelleiro do grupo municipal do PP, quere facer dous apuntamentos, xa que o goberno municipal di que o recurso do BNG se rexeita por non estar motivado. O procedemento é á inversa xa que é a Administración a que nos actos discrecionais require outra clase de motivación, polo artigo 35, pois do contrario o acto é nulo. Non é que o BNG non teña que motivar, pois tamén debería, pero a motivación necesaria é a da Administración, non a do recurrente. No tocante a que son dúas accións diferentes, a concursal non evita a presentación da acción social do artigo 238 da Lei de Sociedades de Capital ou a responsabilidade individual do administrador, contemplada no 241, aínda na vía concursal porque, di que se non recorda mal, cre que cesou o Consello de Administración en abril do 2016 e falouse no Pleno no mes de setembro do 2020 e tamén no ano 2021, estando a tempo aínda o goberno municipal de evitar a prescrición se non se tivera realizado nese momento ningunha acción. Iso foi o que se preguntou e o goberno municipal respondeu que ía preguntar, polo que solicita se diga agora se o Concello nalgún punto exercitou esa acción.

A Sra. Iglesias Becerra, concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, contesta que o goberno municipal ten un talante totalmente democrático e o Sr. Chouciño Garrido ten todo o dereito a presentar os recursos que queira, pero el mesmo dixo que levaba o recurso ao Pleno coa única finalidade de que a liquidación se discutira nese órgano. Ao comentario feito polo Sr. Chouciño Garrido respecto de que o goberno municipal decidiu quen era o órgano competente para emitir os informes lle responde que o goberno municipal ten que solicitar os informes ao técnico competente que nese caso era o Xefe de servizo de Medio Ambiente do Concello. Lle pareceu entender que o Sr. Chouciño Garrido non acudiu á Xunta de Goberno Local porque non se lle pagaba e que non estaría mal que a vía xudicial se pronunciase antes das eleccións, co que está a recoñecer que utiliza a vía xudicial unicamente con fins electoralistas e que o único que lle importa é que saia unha resolución, se pode ser en contra, antes das eleccións. O goberno municipal non fixo nada mal feito e está convencida que a resolución que se dite nese expediente xudicial será o arquivo das actuacións. Respecto da motivación dos escritos da que falaba o Sr. Prieto García di que a resolución do recurso está motivada con base nos informes que constan no expediente da liquidación e está argumentado que non hai motivo para admitir o recurso, porque se está liquidando conforme á motivación que consta nos

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

informes que foron ditados expresamente para a resolución do mesmo. O único que se dicía da vía concursal non era se se pode ou non reclamar aos administradores da sociedade senón que a ela non lle consta que haxa ningún concurso de acredores nesta sociedade.

O Sr. Chouciño Garrido volve a intervir e di que a Sra. Iglesias Becerra dixo que el insinuou que non foi á Xunta de Goberno Local porque non se lle pagaba e lle pide que retire iso xa que lle parece demasiado burdo e obsceno aínda para ela e para os membros do seu goberno. Pide que o retire e rectifique e non por el senón polo propio goberno municipal para non quedar a esa altura. A Sra. Iglesias Becerra dixo que o órgano competente para valorar as instalacións era o técnico de Medio Ambiente xa que era o responsable do mantemento desas instalacións, e lle di que xa se sabe como exercía esas responsabilidades que deron lugar a un deterioro das instalacións valorado por el mesmo nun millón de euros, poñendo despois o goberno municipal a esa persoa a valorar o deterioro das instalacións como se el non tivera responsabilidade no tema, representando isto a pescadilla que se morde a cola e máis nunha situación de precariedade. A liquidación chega ao pleno catro anos despois de rescatar a concesión e pregunta se ao goberno municipal lle dá igual reclamar un millón trescentos mil euros e cal é o motivo de que teñan catro anos parada a reclamación deses cartos. A Sra. Iglesias Becerra comentou que o escrito do BNG non está motivado e lle pregunta se non lle parece suficiente motivación que non se xustifique por que se escolle un informe entre varios tan dispares, que van de 1 millón de euros a 3, e que non se motive por que non están investidos os 700.000 euros que se recollen nun contrato asinado pola propia empresa e que despois revertirían no Concello cando rematase a concesión, e por que non se investiron nin 700.000, nin 70.000, nin 7.000 nin 700 euros, nin 7 euros, xa que non se investiu nin un e ao goberno municipal lle dá igual. A Sra. Iglesias Becerra di que o Sr. Chouciño quere que saia todo antes das eleccións e lle pregunta se ela non cre que é importante que antes das eleccións se saiba o que se coce no Concello e se non lle parece importante que a xente que vai votar o día das eleccións saiba cuestións coma esta. Engade que para o BNG si é moi importante e que lles dá moi mala espiña que botara tanto tempo parado.

O Sr. Alcalde pecha as intervencións dicíndolle ao Sr. Chouciño Garrido que o comentario da Sra. Iglesias Becerra foi que lle parecera entender que o Sr. Chouciño dixera que non fora á Xunta de Goberno Local porque non cobraba pero que, en calquera caso, ao presentarse as eleccións, todos o fan co ánimo de querer gañar as eleccións pero tamén hai que asumir unha certa responsabilidade e adicar parte do seu tempo ao concello estea ou non remunerado. El estivo no sitio onde está o Sr. Chouciño Garrido e no que está a Sra. García Gorostizu e cando podía asistir asistía e cando non podía non, pero contaba con catro concelleiros con el que podían asistir. Non se trata de que sexa remunerado ou o sexa, se trata de que teñen unha responsabilidade, avalada ademais pola lexislación, que lles permite pedir todos os permisos que soliciten ao amparo da lei para ir a todos os órganos regulados por este Concello. A Xunta de Goberno da que se falou foi pública e polo tanto co mesmo regulamento que o Pleno polo que, se nas empresas non lles permiten exercer o seu dereito como cargos electos, o que se debería facer é denunciar a dita empresa porque o funcionamento é reglado para todo o termo do país, pola normativa de réxime local que o dí.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con doce (12) votos a favor, os dos representantes do grupo municipal do PsdG-PSOE, e nove (9) votos en

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

contra, os dos representantes dos grupos municipais Partido Popular de Culleredo (3), Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (3) e Alternativa dos Veciños (3); o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado polo Sr. Chouciño Garrido, concelleiro do Grupo político municipal BNG de Culleredo, presentado con rexistro de entrada num. 2023/2018 de 22/02/2023, fronte ao acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Culleredo adoptado no punto 2 da acta da sesión celebrada o 06/02/2023, polos motivos sinalados nos fundamentos do informe sinalado na consideración terceira desta resolución.

Segundo.- Denegar ao perder a súa causa a suspensión solicitada da execución do acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión celebrada o 06 de febreiro de 2023 por medio do cal se aprobou a liquidación do contrato de xestión, explotación e mantemento do complexo deportivo no Monte Costa asinado o 06 de maio de 2003, posto que a solicitude de suspensión se realizaba "entanto non se resolva o recurso" e neste acordo se resolve o mesmo, polo que a posible suspensión tería chegado ao seu término.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao recurrente, acompañado do informe que lle serve de motivación, con indicación da forma e prazo para formular recurso contencioso-administrativo.

C.I.F. P-1503100-H

3.- PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS (PEID) PARA CENTRO DOCENTE EN A RIBEIRA – SÉSAMO. APROBACIÓN DEFINITIVA. (C.I. FACENDA 23/03/2023)

(*) Co permiso da Presidencia, durante o debate deste asunto incluído na orde do día e sendo as 14:34 h., ausentase da sesión do Pleno a Sra. Pérez Mosquera, concelleira do grupo municipal do BNG. Son vinte (20) os concelleiros presentes a partir deste asunto no debate e votación dos asuntos tratados nesta sesión, dos vinte e un (21) que constitúe o número legal de membros da Corporación.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural do 23/03/2023, punto 3 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de marzo de 2023 (código de documento UAU16I02EX), contida no expediente electrónico UAU/2017/616.

A Sra. Iglesias Becerra fai unha presentación da proposta e di que traen ao Pleno para a súa aprobación definitiva o Plan Especial de dotacións para a implantación do centro docente O Castro Internacional British School no lugar da Ribeira na parroquia de Sésamo para o que se ordena detalladamente un ámbito de solo rústico dunha superficie de 38.698 metros cadrados. O Plan foi aprobado en Xunta de Goberno inicialmente o 18 de decembro de 2019 e provisionalmente o 6 de xuño de 2022 e conta con todos os informes municipais, autonómicos e estatais favorables. Consta no expediente a Declaración ambiental estratéxica formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

Climático o 30 de marzo de 2021 que considera ambientalmente viable o Plan, o informe favorable da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 13 de xullo de 2022 preceptivo e vinculante sobre a legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais así como sobre o cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación técnica e nos plans territoriais e sectoriais, e os informes favorables emitidos polo arquitecto, a técnica de urbanismo e o secretario municipais. Por todo isto unha vez que xa foi ditaminado favorablemente na correspondente Comisión Informativa o goberno municipal somete a aprobación do Pleno municipal a aprobación do seguinte acordo:

-Aprobar definitivamente o Plan Especial de infraestruturas e dotacións para o Centro docente en A Ribeira, Sésamo, promovido por "O Castro British School, A Coruña, S.L." segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto D. Jose Magdalena Nogueira.

-Notificar individualmente o acordo de aprobación definitiva a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de acordo co establecido na lei.

-Ordenar a publicación do texto íntegro do Plan de conformidade co establecido legalmente.

-Publicar o contido completo do instrumento de plan na sede electrónica ou páxina web institucional deste Concello.

-Remisión dun exemplar completo, debidamente dilixenciado, do Plan especial de Infraestruturas e Dotacións á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o seu coñecemento

-Solicitar a inscrición do Plan definitivamente aprobado no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia e no Rexistro Municipal para o seu depósito e inscrición, xunto con certificación do presente acordo de aprobación definitiva.

A tales efectos, o documento aprobado definitivamente será dilixenciado de conformidade co establecido nas normas técnicas de planeamento e achegarase xunto co anexo de Declaración responsable do proceso dilixenciado.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido, quen, unha vez concedido di que están a falar dun Plan especial de dotacións en solo rústico, que é unha figura que recolle a lei do solo cando existe interese público e polo tanto que é unha excepción, que permite edificar en solo rústico, non urbanizable, de forma excepcional. Lembra que Culleredo ten un Plan Xeral de Ordenación Urbana, que non municipal, do ano 1987. Intentou desde aquela impulsar un novo PXOM dúas veces e a última delas deu lugar a unha aprobación inicial no ano 2013, estando pendente a aprobación provisional e a aprobación definitiva, sen que neses dez anos os gobernos do PSOE foran quen de impulsalo para lograr estas aprobacións. O Sr. Alcalde xa comentou varias veces que non facía falla un novo PXOM porque o que hai de máis de 35 anos daba para moito, pero como se ve non é así. Culleredo ten actualmente en marcha plans excepcionais para arranxarlle a vida a quen ten moito patrimonio e moito poder mentres que deixa tirada á xente que agarda un novo PXOM. Se asinaron centos de convenios con particulares nos que estes cedían terreo para usos comúns, para que pasara o alcantarillado, para que pasara o alumeado ou para a condución de auga a cambio de recalificacións futuras no futuro PXOM. Esta xente segue á espera vendo como os poderosos entran pola porta grande do Concello para arranxar o seu e o alcalde

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

C.I.F. P-1503100-H

presumindo de chanchullos. Xa viron esto co Pazo dos Serrano de Vilaboa e agora está en marcha unha residencia en solo rústico na Zapateira, sendo o caso estrela este do que se está a falar, o colexio privado. O Sr. Alcalde dicía hai un tempo que tiña vontade política para sacar adiante este proxecto, a vontade política que lle falta para plantarse diante da Consellería de Educación e dicir que Culleredo necesita un novo mapa escolar que contemple un novo centro da ESO no rural que evite que a rapazada perda dúas horas diarias en bus e teña igualdade de oportunidades. Esta comunicación da súa vontade política era a reacción a unha Carta ao director de A Voz de Galicia queixándose de que o novo British en Culleredo non avanzaba. A carta dicía que estaban falando de educación con maiúsculas reflectindo un clasismo tremendo. Esa invocación ao clasismo foi o que fixo saír ao paso inmediatamente ao Sr. Alcalde que atende a xente que non é de Culleredo con alfombra vermella e non se reúne coa plataforma "Son do rural" que demanda o centro da ESO no rural de Culleredo. Ver o que fai o Sr. Alcalde da unha idea do seu perfil, de quen se preocupa e de quen non. Nesa carta lle dicían que se non había verdadeira vontade política ou se a había pero esta variara, así debería expresarse para que se poideran analizar outras alternativas para a súa ubicación e se a vontade política verdadeiramente existira, como así se lles expresara, era necesario depurar responsabilidades. Pregunta ao Sr. Alcalde de que responsabilidades fala esta persoa pois só hai responsabilidades se hai compromisos escritos que cumprir, e pregunta que compromisos tiña o Sr. Alcalde con esta xente, que documentos non aparecen no expediente que poidan falar deses compromisos. O British non é para Culleredo como se pode ver xa en varios pasaxes do propio proxecto, nos que se recolle por exemplo *"proximidad a las principales infraestructuras viarias metropolitanas"* ou *"el centro docente, dada su singularidad, tiene una clara vocación de equipamiento de carácter supramunicipal y cuenta dar servicio a un amplio sector territorial por lo que es oportuno que se sitúe en una zona de fácil conexión con las vías principales y estructurantes del área metropolitana a la que da servicio"*. Pregunta por que tanta vontade política do Sr. Alcalde, por qué sancionaron ao anterior arquitecto municipal de forma precipitada, sen garantías para defenderse da acusación que lle fixeron mediante xente da súa confianza, para evitar que a discrepancia coa utilidade pública do proxecto que supón que se poidan facer expropiacións para sacar adiante este colexio privado. Tiveron que desfacerse dos dous técnicos que fixeron ver a inviabilidade do proxecto para aproveitar o baleiro que deixaron e sacalo adiante. Quen realmente puxo de relevo as incongruencias deste Plan foron as persoas e colectivos que alegaron durante a súa tramitación pública, alegacións que foron rexeitadas mediante escrito de resposta do Xefe do gabinete, cargo con funcións máis propias de persoal de confianza que de funcionarios públicos, e lembra o que alegaba a xente "que non era lóxico desenvolver plans especiais tendo un PXOM pendente de impulso despois da aprobación inicial no ano 2013"; que os terreos de que se trata tiveron denuncias por recheos ilegais que nunca foron tramitados polo Concello e que só nalgúns casos solicitaron parte da tramitación para facelos como a autorización previa de Augas de Galicia, un trámite necesario pero non suficiente, pero non licenza municipal, dicindo que ían destinados a aproveitamentos agrícolas cando o que resultou foi que o que queren sementar alí é un colexio privado mentres o equipo de goberno mira para outro lado. Tamén pedían os alegantes que ao promotor se lle tratara como a un máis, que se puxera á espera do PXOM, como está agardando todo Culleredo, Alegando tamén que un colexio privado non é de interese público, non é unha instalación destinada a satisfacer as necesidades dos cidadáns como esixe a lei do solo para poñer en marcha un plan de dotacións en solo rústico. O goberno municipal denegou todas as alegacións sen o debido estudo da súa argumentación e xa o uso da palabra "denegar" na súa argumentación, en lugar de utilizar o verbo "estimar" ou "desestimar" segundo

11 de 49

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

corresponda, reflicte a falta de estudo das argumentacións por parte do goberno municipal xa que o uso deste verbo, nega directamente o dereito a presentalas. Como en calquera outro procedemento aberto, a presentación de alegacións por parte da veciñanza require dun estudo en profundidade dado que son a oportunidade da cidadanía para expresar a súa opinión e a oportunidade do goberno municipal para solventar calquera erro que se poida ter cometido. Para este goberno municipal as alegacións non son achegas, non son exercicio de dereitos, non son defensa do común, do que é de todos, senón que son obstáculos que hai que salvar para acadar o obxectivo predeterminado antes de empezar. Pregunta onde está, no medio de toda esa documentación, o informe que meteu por rexistro o anterior xefe de Urbanismo antes de que lle aplicaran as medidas cautelares que vulneraron o seu dereito á presunción de inocencia no expediente sancionador que lle abriron. Ese informe que está metido por rexistro pois non está no índice do expediente, nin sequera disimulado polo medio, un informe que conclúe que non procede facer expropiacións para este proxecto porque non procede o criterio da exclusividade para poder levar a cabo esas expropiacións. Tampouco ía na documentación inicial facer expropiacións para realizar unha rotonda nunha estrada autonómica e incorporáronse nunha segunda fase posterior aos informes que se lle remitiron favorables, engadindo despois novas cuestións. Pregunta como pode faltar un documento así no expediente. Como é que ningún dos técnicos aos que lle piden informe que certifique a integridade da documentación do expediente se pronuncia sobre ela, e engade que é porque non poden facelo xa que falta o informe metido por rexistro con data 6 de abril de 2022 e ao que tivo acceso o BNG malia as tres voltas que lle dou a asesora do Sr. Alcalde. Habería que ver que gaña o promotor deste Plan facendo un plan especial de dotacións en solo rústico sen agardar á aprobación do PXOM como todo o mundo, Cre que a resposta está na escritura que consta no expediente xa que na cláusula novena recolle *“por tratarse de solo rústico tal y como se deriva de las certificaciones catastrales descriptivas y gráficas que se adjuntan, la presente transmisión se acoge a la deducción del 100% de la cuota del impuesto de transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados, de conformidad con lo establecido en el artículo 16.5 del texto refundido aprobado por el Decreto legislativo 1/2001”*, o que indica que non paga un euro de imposto de transmisións patrimoniais, cando calquera persoa que compre un terreo ou un piso ten que pagar o 10% de imposto de transmisións patrimoniais. Os 900.000 euros que se gastan para adquirir estes terreos non pagan nin un só peso. Saben quen sae gañando das reformas fiscais da dereita e tamén saben quen se beneficia de que se tramite esto como un plan especial en solo rústico por parte da administración municipal. Pregunta canto IBI vai pagar este terreo despois de que o goberno municipal aprobe o Plan e responde que según valor rústico a non ser que o goberno municipal inicie unha reforma da valoración catastral. Tampouco vai ter a obriga de facer a cesión do 10% do aproveitamento lucrativo establecido pola lei para establecementos urbanísticos porque é un Plan especial de equipamentos en solo rural e non é un desenvolvemento dun terreo urbanizable. Se di que o promotor se vai facer cargo do custo das reformas dos accesos pero, como xa advirte o xefe de urbanismo, cesado polo goberno municipal a golpes dun expediente sancionador, eses accesos terán un mantemento e polo tanto un custo que terán que asumir todos os veciños. Remata a súa intervención dicindo que o voto do BNG vai ser en contra.

O Sr. Prieto García, concelleiro do grupo municipal do PP, cualifica de curiosa a pregunta de canto vai pagar este colexio polo IBI pois será moitísimo máis que se este colexio se ubicase na Coruña, en Arteixo ou en Cambre. Non se pode pretender boicotear calquera iniciativa privada polo simple feito de ser privada. Si ten utilidade pública e non se fai

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

unha exención neste caso. Non pode pretender o BNG rexeitar calquera tipo de riqueza para o Concello. Poden entender que se critique ao goberno municipal por non aprobar o Plan Xeral desde o ano 1987, por esquecerse de todos os polígonos, por estar o Concello sen solo industrial, por estar paralizados e que todo o investimento se fora para Morás, Arteixo ou Cambre; pero, para unha cousa que se mantén en Culleredo, non se pode querer dinamitala polo único feito de que é privada. Respecto do comentado sobre que van pagar pouco IBI lle pide ao Sr. Chouciño Garrido que o calcule el mesmo porque o colexio vai pagar infinitamente máis que se se fose o investimento de Culleredo e xa levan aguantado bastante tanto o centro como os investidores que levan máis de cinco anos con imposibilidade para edificar, quedando aínda por facer toda a obra. Non se trata de loitar contra a riqueza que pode xerar un centro así, dicindo que só lle aporta beneficios á xente de fóra do Concello de Culleredo como se ningún veciño de Culleredo puidera acceder, como se ningún veciño da zona de Culleredo puidera beneficiarse economicamente, como se non se fose desenvolver a zona de Sésamo, que xa está crescendo moito a nivel de vivenda unifamiliar. Fala do beneficio económico que supón ter un centro educativo aínda que sexa privado, do tipo de perfil que se vai instalar nas zonas de Sésamo e Sueiro, do beneficio que vai xerar para a zona, do aumento de riqueza na zona de Culleredo, de maiores rentas, de máis IBI, de maior beneficio para o Concello en liñas xerais, de IRPF, de lixo, de impostos, etc. Engade que non se pode pretender poñer paos nas rodas porque sexa un investimento privado e non se pode querer facer ver que veñen a querer lucrarse dos veciños de Culleredo, cando é todo o contrario. O Sr. Chouciño Garrido fala de que as estradas teñen un mantemento; pero hai que ter en conta tamén que se non se fan esas estradas tampouco existen. Parece que o BNG sempre quere ver a parte negativa de calquera tipo de investimento no concello.

A Sra. Iglesias Becerra, concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE, entende que o seu equipo de goberno non entra a valorar se o colexio é público ou privado nin quen o promove. O seu grupo político goberna para todos e se axustan á lei nas súas resolucións. A Lei do solo de Galicia habilita a aprobación dos plans especiais de infraestruturas e dotacións para construcións e instalacións para equipamentos de dotacións públicas e privadas en solo rústico, Consideran que vai redundar en beneficio dos veciños e veciñas, vai xerar emprego e están totalmente de acordo con que se poida implantar un novo centro de educación no municipio, sendo benvidos todos os centros tanto públicos como privados. Non se precisa agardar pola aprobación do PXOM xa que co PXOU actual os plans especiais pódense aprobar en desenvolvemento do mesmo. Polo tanto, tendo dereito a facelo, o goberno municipal ten que concedelo. O Sr. Chouciño Garrido no anterior punto dixo que a Sra. concelleira o tratara dunha forma rastreira pero o feito de que el trate de vincular o cese do arquitecto municipal a este expediente non sabe que calificación require, pero non lle parece o máis correcto; e que ademais diga que se oculta un informe do anterior arquitecto municipal eso sí que lle pode parecer ata rastreiro. O goberno municipal non oculta nada, e o informe ao que o Sr. Chouciño se refire era un escrito manuscrito que se presentou en rexistro pero sen seguir as formalidades establecidas para elo o mesmo día do seu cese; nin se fixo en sede electrónica nin utilizando os medios postos á súa disposición pola administración. Como xefe de servizo e arquitecto municipal ten a obriga de facer os seus escritos na plataforma existente para elo que no Concello de Culleredo é o Opencertiact, e ten a obriga de relacionarse coas administracións públicas por medios telemáticos. Non obstante, non só si se incorporou ao expediente senón que se pediron informes técnicos e xurídicos á vista dese escrito que concluíron que o documento conta coa Declaración Ambiental Estratéxica, que ten informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre o control da

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

legalidade e tutela dos plans especiais. Non se oculta nada, e os informes están todos e son todos favorables. Consta no expediente o informe que fixo a asesora xurídica municipal, á vista do documento manuscrito presentado polo arquitecto e que ese mesmo arquitecto emitira no mesmo expediente catro informes con anterioridade e os catro favorables. No tocante ás alegacións, todas foron desestimadas motivadamente e se lle contestou a todas as persoas que alegaron. Respecto do que falou o Sr. Chouciño de recheos que vulneran a legalidade, tamén é favorable a Declaración ambiental estratéxica. Engade que todo o que se fixo nese expediente é vulnerable e por iso conta co informe favorable da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que vela pola legalidade do expediente. Unha vez aprobado inicialmente e provisionalmente o Plan especial, con todos os informes favorables, a obriga do goberno municipal, independentemente de que lles guste máis que o colexio sexa público ou privado, é aprobar o Plan especial de dotación de infraestruturas para este colexio.

O concelleiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, di que en relación á intervención do Sr. Prieto Garcia, ten escoitado que o Sr. alcalde ten a preocupación de con quen vai pactar despois das eleccións e lle di que deixe de buscar porque xa ten no PP un valedor das súas políticas. Respecto da intervención da Sra. Iglesias Becerra na que dixo que a Lei a habilita, lle di que efectivamente a lei habilita cando hai un interese público, cando é unha cuestión para beneficiar aos cidadáns e ás cidadás, engadindo que efectivamente a dito centro vai poder acceder todo o mundo porque non hai un dereito de admisión como nas discotecas pero que dito dereito de admisión vai vir dado pola capacidade adquisitiva e o goberno municipal non pode dicir que dito centro privado é unha garantía de interese público nin un recurso a disposición dos cidadáns. A Sra. Iglesias Becerra tamén di que o informe do arquitecto municipal está incorporado ao expediente e o BNG non o viu e que, se ben é certo que o expediente é moi longo, está ordenado cronoloxicamente e no intervalo de datas en que entrou por rexistro o escrito ao que se refiren non está, nin sequera dando unha marxe de quince días ou dun mes. Hai un problema porque non ve que ninguén certifique a integridade da documentación do expediente e a Sra. concelleira di que o arquitecto municipal que se atopa agora cesado nun expediente sancionador tamén emitira informes favorables e, aínda que isto fose así, o que di precisamente no escrito que mete por rexistro é que unha vez que se incorporan novidades posteriores á tramitación esas novidades son as que dan lugar a que o que se busca é un criterio de exclusividade, que se propón facer unha rotonda nunha estrada autonómica, facer expropiacións no camiño que dá acceso ata chegar ao lugar onde se asenta, tendo que facer expropiacións porque hai que ampliar oito metros a estrada, e pregunta se vai ser unha estrada de entrada e saída porque a saída sería por Sésamo e non lle parece que sexa o idóneo meter o tráfico en Sésamo. Están cuestionadas as expropiacións que son imprescindibles polas novidades que se incorporan despois dos informes favorables. Engade que a Sra. concelleira di que o BNG fala dos recheos cando o certo é que eses recheos aparecen xa citados na propia documentación que fai a promotora privada dicindo que a parcela está parcialmente nivelada, pois é unha zona en caída, cos recheos que foi facendo nos últimos tempos o propietario, engadindo que os recheos eran cascallo de obra e que non tiñan licenza municipal. Pidelle á Sra. concelleira que lle desminta e diga que si tiña licenza municipal ou que si se abriron os expedientes de reposición á legalidade que procedían. Pensa que non se abriron porque iso se ven xestando desde hai moitos anos e estaba predeterminado que había que seguir cara adiante. Ese é o motivo de que, cando hai alegacións veciñais, o goberno municipal as rexeita todas con falta de motivación e lle encargan responder ás alegacións a unha persoa que define o seu posto

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

con funcións máis propias dun cargo de confianza, de persoal eventual, como é o xefe de gabinete, e non a un funcionario. Con esa tramitación é imposible que o BNG vote a favor.

O Sr. Prieto García, concelleiro do grupo municipal do PP, di que o refraneiro español é sabio en toda a súa extensión, e cita *"se cree el ladrón que todos son de su condición"*. Non sabe cantos partidos dos presentes pactaron na historia de Culleredo co PSOE pero que cre que Alternativa dos Veciños non, e o PP tampouco; sendo o único que foi muleta do PSOE en Culleredo, ao que tanto critica o Sr. Chouciño, foi o BNG, que o único partido que apoiou ao PSOE cando tiña minoría a sacar barbaridades adiante e que agora critica foi o BNG, o partido do Sr. Chouciño Garrido. O peor e que o voceiro do BNG ten unha visión tan personalista que pensa que o PP vota a favor disto por ser amigos do PSOE e non polos veciños ou polo beneficio que poida ter isto para o Concello de Culleredo. Fai uns minutos o PP apoiou ao BNG nunha moción, e a diferenza é que o PP ten criterio e non vai como un burro cunha cenoria diante, debaten cada punto, estudan cada asunto e cren que teñen certa responsabilidade como concelleiros da Corporación e se están de acordo con algo que propón o BNG porque lle parece que está ben formulado como é o tema da Garroha o apoian; pero no tema que se está a debater trátase dun proxecto que leva sete anos en funcionamento e cren que é beneficioso para Culleredo e non o votan para facerlle as palmas ao grupo de goberno. O Sr. Chouciño Garrido quere facer ver que o PP vota a favor do PSOE porque veñen unhas eleccións e iso significa que está tan cegado co resultado electoral que todo o demais parece que lle dá igual e non entende que un partido político poida buscar o interese e o beneficio dos veciños ou das empresas para Culleredo. Pide un pouco de sensatez no discurso porque non se trata de enturbiar todo cun proxecto que é bo para Culleredo e non se pode paralizar por unha intención política que cren que é o que hai detrás, pois non hai unha obxectividade en rexeitar isto por parte do BNG, non hai un motivo que vaia en contra realmente de rexeitalo senón simplemente un tema político, un tema de ideoloxía, e non pode pretender que nunhas eleccións municipais predomine a ideoloxía sobre o que é unha xestión eficiente.

Replica por alusións o Sr. Chouciño Garrido que lle fai moita gracia que se fale de cuestións ideolóxicas cando se está a falar de impulsar un centro privado en solo rústico, e lle di se non é ideoloxía apropiarse do de todos para que acabe en mans privadas e que xa o di a Lei do solo, que protexe o solo rústico polos seus elevados valores e para iso se fan plans e os plans especiais, as excepcións, teñen que ter as súas xustificacións e non debe estar predeterminado de antemán cal vai ser o resultado final. El pensa que leva máis de sete anos e que por iso se fixeron os recheos alí e que a Sra. Iglesias Becerra non é capaz de dicir se os recheos tiveron licenza ou se se abriron expedientes de reposición á legalidade como debiera ter sido. Dille ao Sr. Prieto García que el non lle está a dicir que sexa amigo do PSOE senón que coinciden nas súas políticas e iso é o que están a ver no día da data.

Fai uso da palabra novamente a Sra. Iglesias Becerra que di que na súa anterior intervención esqueceu comentar, en relación ao imposto de transmisións patrimoniais do que o Sr. Chouciño Garrido dicía que pagaran cero, que se trata de terreos rústicos e que en Galicia están exentas as transmisións en terreos rústicos para todos os veciños e veciñas e non só para os que mercaron os terreos en Sésamo. Con posterioridade haberá que facer o proxecto de urbanización e un proxecto para as edificacións e para conceder esas licenzas vaise cobrar ICIO, taxas e o IBI. Por iso non se pode dicir que non se cobran impostos e que non redundan en beneficio dos veciños e veciñas. Insiste en que se van crear 150 ou 200 empregos directos que redundarán tamén en beneficio dos veciños e

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

veciñas. Esta de acordo co Sr. Prieto García cando fala de ideoloxía porque, a pesar de que este tema conta con todos os informes favorable, o Sr. Chouciño Garrido non quere que se instale un centro educativo simplemente porque é un centro privado, engadindo que puidera ser que non o quixera aínda que fose público, pero neste caso ese é o único argumento do voceiro do BNG para que non se poida implantar ese centro aí. Quere lembrarlle que a sociedade mercantil "O Castro International British School, A Coruña, S.L." é propietaria da totalidade dos terreos que conforman o ámbito do Plan especial, que constan as escrituras no propio expediente e que foi a propia AXI a que puxo como condición que se incorporaran os planos da rotonda nesas afeccións aos viais. A Lei do solo de Galicia habilita o interese xeral ao requerir a aprobación dun Plan especial de infraestruturas e dotacións para a construción de instalacións e equipamentos e dotacións públicas e privadas en solo rústico. O que lle parece de nota é que o Sr. Chouciño Garrido lle diga que non dispón do documento escrito manuscrito que incorporara ao expediente o anterior arquitecto, preguntándolle se tampouco viu os informes que se requiriron á vista do escrito á asesoría xurídica e ao técnico municipal e que se refiren expresamente a ese documento porque aínda que non tivese a característica de informe sí querían que quedase ben claro que non estaba fundamentado ningún dos motivos que nel se esgrimían. O Sr. Chouciño Garrido dubida de se non está certificada a integridade do expediente cando se emitiron tres informes por parte do Concello, pola técnica asesora xurídica, polo arquitecto e polo secretario municipal, pedidos expresamente para informar sobre a integridade do expediente que é o que lles pide a lei e os tres informaron que o expediente estaba completo e concluso para poder traer en este trámite a Pleno para súa aprobación, pretendendo o Sr. Chouciño Garrido dubidalo. Remata a súa intervención dicindo que o tema xa está máis que debatido e que con todos os informes favorables o goberno municipal ten a obriga legal e moral de votar a favor do Plan especial de infraestruturas.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que considera que o punto está suficientemente debatido e as posturas claramente definidas e que se reserva o dereito de contestarlle ao Sr. Chouciño Garrido a dúas das súas alusións porque cre que pasou un límite bastante grave nas súas exposicións e que se vai reservar exercer algunha acción xurídica contra as súas palabras.

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que está esperando por dúas que anunciou no pasado.

O Sr. Alcalde lle di que xa tivo que rectificar outras veces.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con quince (15) votos a favor, os dos representantes dos grupos municipais do PSdG-PSOE (12) e Partido Popular de Culleredo (3), e cinco (5) votos en contra, os dos representantes presentes dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2) e Alternativa dos Veciños (3); o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Plan Especial de infraestruturas e Dotacións (PEID), para o Centro Docente en A Ribeira, Sésamo, promovido por "O Castro British School, A Coruña, S.L." segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto, D. Jose Magdalena Nogueira, colexiado COAG número 1622, presentada o 10.02.2023 (registro 2023/1785).

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

Segundo.- Notificar individualmente o acordo de aprobación definitiva a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificou a aprobación inicial do mesmo, de acordo con o establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Terceiro.- Ordenar a publicación do texto íntegro do PEID, de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Cuarto.- Publicar o contido completo do instrumento de plan publicarase na sede electrónica (o páxina web institucional) deste Excmo. Concello de Culleredo.

Quinto.- Remisión dun exemplar completo, debidamente dilixenciado, do PEID á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para o seu coñecemento.

Sexto.- Solicitar a inscrición do PEID, definitivamente aprobado no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia e no Rexistro Municipal para o seu depósito e inscrición, xunto con certificación do presente acordo de aprobación definitiva.

A tales efectos, o documento aprobado definitivamente será dilixenciado de conformidade co artigo 22.3 das NNTTP, e achegarase xunto co <Anexo 9B, Declaración responsable do proceso de dilixenciado.

C.I.F. P-1503100-H

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO RELATIVA A PROPOSTA PARA A MELLORA DA ESTRADA AO SOUTO (DP510).

(*) Co permiso da Presidencia, antes do inicio do debate deste asunto incluído na orde do día e sendo as 14:57 h., ausentase da sesión do Pleno o Sr. Prieto García, concelleiro do grupo municipal do PP. Son dezanove (19) os concelleiros presentes a partir deste asunto no debate e votación dos asuntos tratados nesta sesión, dos vinteun (21) que constitúe o número legal de membros da Corporación.

Nin o Sr. Alcalde nin o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo municipal do BNG, xustifican previamente a inclusión deste punto na orde do día, sen dictame previo.

***- Sometida a votación a ratificación da súa inclusión na orde do día, conforme ós artigos 97.2 e 82.3 do R.D. 2568/1986, o Pleno Municipal, por unanimidade dos membros presentes (19), acorda ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

O concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Chouciño Garrido solicita o uso da palabra quen, unha vez concedido, di que lle gustaría lembrar o que pasou o outro día na Xunta de Voceiros onde se lles dixo que esta moción iría na orde do día como un rogo e non coma unha moción; que se cambiou ata tres veces de argumento, que primeiro dicían que non se deducía do texto que fose unha moción, despois que non lles parecía normal pedir isto porque xa había un proxecto en marcha e por último cambiaron de argumento cando

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

Iles dixeron que non lles parecía normal solicitalo da Deputación; que tivo que presentar un recurso contra a orde do día para que se incluía nela e recorda as palabras da Sra. Iglesias Becerra cando fala de talante democrático, engadindo que no Concello de Culleredo o talante democrático haino que facer valer así.

Transcríbese a moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, rexistro de entrada n.º 2023/3549 de 24 de marzo de 2023, relativa a proposta para a mellora da estrada ao Souto (DP510) e ao que dá lectura o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido:

«Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

PROPOSTA PARA A MELLORA DA ESTRADA AO SOUTO (DP510)

A xente do Souto, na parroquia de Orro, achegouse ao BNG para indicar as penurias daquela zona en cuestión de mobilidade e seguridade viaria.

Aquela veciñanza ten remitido á Deputación da Coruña (números de rexistro: 20230000000857 e 20230000000858) as súas reclamacións sobre as consecuencias de estar a estrada provincial DP510 en unha situación de perigosidade acotío. En particular fan énfase no feito de ter levado as obras máis dun ano paradas no tramo entre os Confurcos e Orro coas consecuencias para a seguridade viaria, e tamén destacan por outra parte que o tramo entre Orro e o Souto ten de sempre unhas características insuficientes para soportar o tráfico que por ela discorre. Ancho insuficiente, carece de beiravías, beirarrúas ou sendas peonís, ten un trazado sinuoso nalgúns puntos, carencia de sinalización, pasos de peóns e de dispositivos de acalmado da velocidade dos vehículos que por alí circulan. Este tráfico foi incrementado desde que hai un acceso á A6 nas proximidades sen que se tivera feito nada para paliar as consecuencias dese incremento.

A maiores están as dificultades das interseccións que se visibiliza nos problemas das manobras necesarias de cambio de sentido do autobús escolar.

Citan nos seus escritos un informe da propia Deputación da Coruña que recollía propostas para resolver o actual estado desa infraestrutura nese tramo, en particular:

- Tratamento de accesos e interseccións con obxecto de conseguir unha maior seguridade vial e maior ordenación de tráfico.*
- Adecuación da velocidade ás características da vía e do entorno.*
- Ordenación de accesos e xiros á esquerda.*
- Proxecto de dous carrís de circulación de 3,5m e arcéns por cada marxe dun metro.*
- E varios detalles máis.*

Solicitan que a maiores do que xa se contempla nese informe se inclúa unha senda peonil ao longo de toda DP510; pasos de peóns que faciliten o cruce entre ambas marxes e o acceso seguro ás súas vivendas, e que se proceda á limitación dos vehículos nos núcleos de poboación.

Algunhas das accións que mencionamos arriba e que se demandan nos escritos da veciñanza do Souto, dos que a Deputación recibiu copia con múltiples sinaturas amosando a conformidade con esas preocupacións, requiren de proxectos de certa

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

complexidade e cuns tempos inevitables, pero algunhas outras son cuestións que deberían acometerse de forma inmediata, e incluílas na planificación ordinaria de mantemento, como que as cunetas están permanentemente sen desbrozar.

Outras requiren pequenas accións que mellorarían a vida da xente como darlle remedio ao paso do rego do Souto, que está mal resolto e supón un perigo pola canle profunda e sen protección que hai xusto na beira da estrada por onde é inevitable pasar. Tamén, existen xa peches de fincas retranqueados que cederon os espazos necesarios para converter en zona peonil, eses tramos requiren ser abordados cun pouco de interese e pequenos investimentos para homoxeneizar a súa continuidade e facilitar o tránsito peonil, cando menos naqueles espazos nos que se dan estas circunstancias.

É por isto que, propoñemos ao pleno da corporación adoptar os seguintes acordos:

1. Instar á Deputación da Coruña a que atenda as accións que demanda a xente do Souto mediante:

- 1. A planificación de elaboración do proxecto de mellora da infraestrutura para mellorar a mobilidade.*
- 2. A inclusión e aplicación inmediata das beiravías daquela contorna, nun plan de mantemento de desbroce e limpeza.*
- 3. Iniciar a comunicación coa veciñanza que xa cedeu os seus espazos e retranqueou os peches para emprender as accións xurídicas e as obras precisas para habilitalas para o tránsito converténdolas nunha zona útil a ese efecto.*

2. Enviar copia deste acordo á Deputación da Coruña.»

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Municipal do PP, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo municipal votarán a favor da moción porque fai máis dun ano se reuniran con veciños da zona e trouxeran a Pleno un rogo solicitando melloras na seguridade vial da estrada e cren que é necesaria unha actuación o antes posible.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que o proxecto xa existe, que o tramo que se está a facer neste momento forma parte dese proxecto que foi redactado no ano 2009 e que isto é unha separata, como unha segunda parte que vai de Orro a Souto, recollendo o proxecto inicial a obra de Confurco a Uxes. Para facer ese proxecto, en función do investimento que fixo a Deputación na anterior legislatura, houbo que facer unha modificación parcial do proxecto. Despois, con motivo do incremento de prezos, houbo que volver a licitar o pasado ano o tramo que vai dende Confurco ata Orro. Xa existe ese proxecto e neste momento o están a revisar os servizos técnicos da Deputación Provincial. Houbo unha reunión co anterior xefe de servizo da Deputación Provincial, o enxeñeiro de camiños e persoal técnico do Concello para tratar de determinar a conveniencia de pedir un novo proxecto ou revisar esa segunda fase que iría dende o límite da ponte da autopista de Orro ata o límite co Concello de Arteixo. Se está a revisar, é un proxecto de 1.200.000 € que neste momento se considera insuficiente, e se está a analizar se os propios técnicos da Deputación poden facer esa modificación ou se teñen que contratar unha nova asistencia técnica como sucedeu no anterior tramo para adaptar á nova lei de mobilidade todo o tramo que hai ata o punto indicado. Pedirille á Deputación Provincial que faga algo que xa ten feito non consideran que sexa unha boa idea. O

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

gobierno municipal tamén se reuniu cos veciños moitas veces, que poden ser escépticos á hora de ver se se vai facer ou non a obra. Un dos acordos aos que se chegou coa Deputación foi que cando a obra desa primeira fase chegase ao seu ecuador se puidera facer unha incorporación de crédito cos orzamentos correspondentes a ese ano e meter esa valoración económica no propio orzamento da Deputación provincial, pero antes hai que saber o que costa a obra. Se reuniron varias veces cos veciños de Souto e estes lles transmitiron o mesmo que lles ían transmitir aos grupos da oposición e que ían incluso a manter reunións cos propios responsables da Deputación como cre que o fixeron. Comparte a inquedanza que poidan ter os veciños respecto de que as obras se fagan no tempo e na forma que eles requiren. O goberno municipal non pode aprobar esta moción, xa que suporía non recoñecer que hai un traballo feito de atrás, que non sabe nin que goberno o fixo pero que en calquera caso está feito e se está a revisar. Aceptarían a moción debido a intención dos veciños de insistir en que a obra se acelere pero a emendarían no punto 1 nos tres apartados substituíndo polo seguinte texto: «*Instar á Deputación á adaptación a nova normativa de mobilidade e revisión de prezos inmediata do proxecto existente para este tramo que leva por título "Ensanche e mellora de trazado na DP 0510 de Orro a Souto"*» instando á Deputación a que teña maior celeridade á hora de rematar o proxecto, á revisión de prezos e por conseguinte elevar a Pleno nunha futura incorporación de crédito ou nos orzamentos que se decidan para o ano 2024 para que se inclúa ese importe para ese tramo, que polo que estiman os técnicos da Deputación Provincial rondaría o millón oitocentos mil euros. Se o BNG acepta a emenda o grupo municipal estaría en disposición de instar á Deputación a que acelere os trámites e se non non o poden aceptar, non porque non estean en consoancia co fondo e coas reivindicacións dos veciños e veciñas, senón porque non se pode instar a que se faga algo que xa está feito e que xa está en marcha. Pregunta se o que propón a moción acepta a emenda ou se se procede a votar como está.

Seguidamente o Sr. Chouciño Garrido di que non sabe por que non lles enviaron o texto da enmenda por escrito antes da sesión para revisalo cun pouco máis de calma; que o PSOE quere suprimir os tres apartados que colgan do punto 1 e que soamente o primeiro fala da planificación da elaboración do proxecto de mellora da infraestrutura para mellorar a mobilidade.

O Sr. alcalde-presidente di que xa existe ese proxecto.

O Sr. Chouciño Garrido di que o Sr. alcalde lles pide que confíen nesa existencia e que eles non traballan na Deputación como el pero que ata aí aínda poderían ceder, tachar o primeiro punto e substituílo polo que o Sr. Alcalde acaba de dicir.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que todos os grupos que forman parte da Corporación teñen representantes na Deputación (Alternativa, PSOE, BNG e PP).

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o Sr. alcalde na Deputación ten "*bara alta*" e que está alí con frecuencia e que el non, engadindo que respecto ao primeiro punto poden admitir que se elimine pero que o segundo que fala de "*a inclusión e aplicación inmediata das beiravías daquela contorna nun plan de mantemento de desbroce e limpeza*" non vai en contradición co que o Sr. Alcalde lles propón cambiar.

Intervén o Sr. Alcalde e di que o segundo punto entra dentro do Plan de mantemento da Deputación Provincial que xa se está a facer, habendo un plan de mantemento das infraestruturas viarias e un plan de desbroce que xa está en marcha, engadindo que non hai ningún problema en respectar o segundo punto porque iso tamén existe e ademais está lícitado e está en vigor.

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

Pregunta o Sr. Chouciño Garrido se o segundo punto pode quedar.

Responde o Sr. Alcalde que si.

Intervén novamente o Sr. Chouciño Garrido e di que o terceiro punto *“iniciar a comunicación coa veciñanza que xa cedeu os seus espazos e retranqueou os peches para emprender as accións xurídicas e as obras precisas para habilitalas para o tránsito converténdoo nunha zona útil a ese efecto”* como dixo na exposición de motivos son accións de baixo custo que se poden facer e que teñen unha utilidade moi superior ao custo.

Volve intervir o Sr. Alcalde e lle di que o punto número 3 non o poden respectar porque xa vai incluído no propio proxecto nas expropiacións; que todas as persoas que fixeron algunha vivenda desde que se aprobou o proxecto tiveron a obriga de retranquear e tamén de urbanizar por iso cre que é mellor retirar da orde do día o terceiro punto porque se non o que se vai facer é unha inspección de oficio por parte da Deputación e cre que é mellor centralo todo no punto que el lle indicou; que o goberno municipal está de acordo co punto número dous e que se existe o proxecto que se inclúe no capítulo de expropiacións que se fale e se actualice porque efectivamente hai terreos nesa estrada que antes non estaban urbanizados e agora sí; que a emenda sería o que acaba de explicar e aceptando o punto número dous.

O Sr. Chouciño Garrido di que tiñan a obriga de urbanizar e lle pregunta ao Sr. Alcalde se se lles reclamou nalgún momento.

O Sr. Alcalde di que iso é a Deputación Provincial.

O Sr. Chouciño Garrido di que poden aceptar o que o Sr. Alcalde acaba de dicir en substitución do punto 1.1 pero o que se está demandando nos puntos 2 e 3 é totalmente lóxico e se non se fai así estarían baleirando de contido a solicitude da veciñanza que o ten metido así por rexistro e polo tanto só aceptan cambiar o punto 1.1.

O Sr. Alcalde insiste en que aceptarían cambiar o punto 1, aceptar o punto 2 pero o punto 3 non o poden aceptar e cre que co asesoramento que se lles deu aos veciños o entenderon perfectamente e que sería contraproducente aprobar algo no Pleno que non os vai beneficiar senón incluso prexudicar.

Sometido o asunto a votación, con sete (7) votos a favor, dos representantes presentes dos grupos municipais do PP (2), BNG (2) e AA.VV (3); e doce (12) votos en contra, dos representantes do grupo municipal do PSdG-PSOE (12), o Pleno Municipal acorda:

Rexeitar a Moción do grupo municipal do BNG de Culleredo, presentada con rexistro de entrada núm. 2023/3549 de 24 de marzo de 2023, *“para a mellora da estrada ao Souto (DP510)”*.

5.- CONTROL E SEGUIMIENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

(*) Co permiso da Presidencia, ao inicio deste asunto incluído na orde do día e sendo as 15:15 h., ausentase da sesión do Pleno a Sra. López Díaz, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Son dezaioito (18) os concelleiros presentes a partir deste asunto nos

asuntos tratados nesta sesión, dos vinteun (21) que constitúe o número legal de membros da Corporación.

5.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS; DACIÓN DE CONTA.

5.1.1.- Resolucións da Alcaldía e Concellerías delegadas:

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da alcaldía e concellerías delegadas ditadas, desde a última sesión plenaria ordinaria, que corresponden ás Resolucións con números e datas seguintes: **230/2023**, do 17 de febreiro de 2023, á **510/2023**, do 23 de marzo de 2023, todas elas incluídas, e que son as seguintes:

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
230/2023	17/02/2023	Resolución de autorización substitución de vehículo licenza de taxi núm. 19	UME17I00M9
231/2023	17/02/2023	resolución aprobación documentos pago reclamación deuda TSS	UPO17I007H
232/2023	17/02/2023	Resolución levantamento de reparo nomeamento funcionario interino Benestar Social.	UPO17I009D
233/2023	17/02/2023	Pleno 23/02/2023 - Convocatoria	USG17I00ZV
234/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial MNR	UAJ17I006D
235/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial MECM	UAJ17I006F
236/2023	17/02/2023	Resolución concesión tarxeta estacionamento a M. S. M. P.	UBS17I00GD
237/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial LFME	UAJ17I006G
238/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial ERRC	UAJ17I006H
239/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial AXA SEGUROS GENERALES, S.A.	UAJ17I006I
240/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial MTGD	UAJ17I006J
241/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial JMC	UAJ17I006K
242/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial ILV	UAJ17I006L
243/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial JACC	UAJ17I006N
244/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial DMR en representación de AVMR	UAJ17I006O
245/2023	17/02/2023	Resolución incoación responsabilidade patrimonial JMC	UAJ17I006P

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO	DATA	DESCRIPCIÓN	DOCUMENTO
246/2023	20/02/2023	Concesión a Promotora Incorporada Multinacional S.L., da licenza de primeira ocupación para 2 vivendas acaroadas situadas na avda. do Rueiro núm 9 e 9 A (ref. catastral: 0257708NH5906N0001LG) parroquia de Rutis.	UAU17I00G6
Considerando o disposto no Manual de procedementos de Culleredo “Particularidades do procedemento de selección e aprobación das operacións de asistencia técnica da Unidade de Xestión”, referido á Unidade de xestión da EDUSI, da que é responsable esta Alcaldía, e para garantir o cumprimento do principio de separación de funcións recollido no artigo 72.b) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, de aplicación obrigatoria aos Organismos intermedios para a selección de operacións das estratexias EDUSI, no relativo ás operacións de “xestión da estratexia DUSI” e “comunicación e publicidade da estratexia DUSI”, faise preciso que sexa o sétimo tenente de alcalde quen aprobe formalmente a selección da operación.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e en concordancia cos nomeamentos efectuados por Decreto desta Alcaldía de 3 de febreiro de 2023,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Efectuar a favor da concelleira dona Cristina Pardo Portos, sétima tenente de alcalde a delegación especial das competencias para o asunto concreto de selección das seguintes operacións EDUSI: Asistencia técnica para a xestión de Estratexia DUSI Culleredo Vivo (obxectivo temático 99 virtual. Asistencia técnica) e Información e comunicación da estratexia DUSI Culleredo Vivo (obxectivo temático 99 virtual. Asistencia técnica), delegación que inclúe a facultade de emitir actos que afecten a terceiros e que se limitará ao tempo de xestión ou execución do asunto.

SEGUNDO.- De acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tácitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas. Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

TERCEIRO.- O presente decreto será publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre e notificar á interesada para a aceptación expresa da delegación encomendada, ou tácita no seu caso. Todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación pola interesada.”

*** Resolución número 379, de data 10/03/2023:**

«RESOLUCIÓN

Visto que en data 18 de xuño de 2019, mediante Resolución número 948/2019, (modificada polas resolucions da alcaldía número 886/2020 de data 13/07/2020, 1871 de data 16/12/2020 e 218/2023 de data 15/02/2023) esta Alcaldía delegou na Concelleira Dona Marta María Iglesias Becerra a dirección política das áreas de facenda, patrimonio e administración electrónica e da área de Urbanismo, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros.

Atendendo a ausencia por motivos persoais o día 13 de marzo de 2023 da Concelleira delegada é conveniente avocar o exercicio das competencias que se mencionan.

Tendo en conta que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente.

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerárquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante,

En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite.

Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpónase contra a resolución do procedemento.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118, 120 e 121 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Concelleira da área de facenda, patrimonio e administración electrónica e da área de Urbanismo, Sra. Iglesias Becerra, en virtude do disposto na Resolución número 948/2019 de data 18 de xuño de 2019, (modificada polas resolucions da alcaldía número 886/2020 de data 13/07/2020, 1871 de data 16/12/2020 e 218/2023 de data 15/02/2023), de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e 116 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro durante o período de ausencia da mesma.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo de que xere efectos desde o mesmo día da súa sinatura, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á interesada de conformidade co establecido no artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello para os efectos de que quede decatado do seu contido, de conformidade co establecido no artigo 44.4 en relación co 38 d) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.»

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

5.2.- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13/02/2023 SOBRE CONTRATO DE SERVIZOS PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO DO CONCELLO DE CULLEREDO. ADXUDICACIÓN; DACIÓN DE CONTA.

A Presidencia dá conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/02/2023, punto fóra da orde do día FOD.1, sobre contrato de servizos para a execución do servizo de prevención alleo do Concello de Culleredo, ao tratarse dunha competencia delegada polo Pleno da Corporación na Xunta de Goberno Local.

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

5.3.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓNS DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal das seguintes resolucións de aceptación de terreos para viarios públicos:

- Resolución número 412, de data 14/03/2023 (modificada por resolución número 543/2023, de data 29/03/2023), de aceptación da cesión dunha superficie de 11,12 m²; 55,08 m² e 66,18 m² para o seu destino a viario público na parcela situada entre a avenida Almeiras e a rúa da Telva, da parroquia de Almeiras, formalizada en escritura pública outorgada o 22/09/2017 ante a Notaria do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 1731 do seu protocolo.
- Resolución número 413, de data 14/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 66,87 m² para o seu destino a viario público no lugar de Peiro de Abaixo, parroquia de Veiga, formalizada en escritura pública outorgada o 04/02/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Rafael Benzo Sainz, co número 343 do seu protocolo.
- Resolución número 414, de data 14/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 82 m² para o seu destino a viario público na rúa Fonte do Picho – Sésamo, formalizada en escritura pública outorgada o 23/02/2023 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don F. Javier Pérez Tabernero, co número 272 do seu protocolo.
- Resolución número 415, de data 14/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 115,09 m² para o seu destino a viario público na rúa Unión, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 18/06/2020 ante a Notaria do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 813 do seu protocolo.
- Resolución número 416, de data 14/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 43,33 m² para o seu destino a viario público na rúa Regueiro, parroquia de Rutis, formalizada en escritura pública outorgada o 16/06/2020 ante a Notaria do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona Mónica María Jurjo García, co número 370 do seu protocolo.
- Resolución número 417, de data 14/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 195 m² para o seu destino a viario público no lugar de Agra da Iglesia, parroquia de Rutis, formalizada en escritura pública outorgada o 28/05/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Rafael Benzo Sainz, co número 1247 do seu protocolo.
- Resolución número 435, de data 15/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 136,08 m² para o seu destino a viario público na rúa Marqueses de Almeiras, formalizada en escritura pública outorgada o 04/03/2022 ante a Notaria do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 493 do seu protocolo.
- Resolución número 436, de data 15/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 95 m² para o seu destino a viario público no lugar de Orro, parroquia de Orro, formalizada en escritura pública outorgada o 16/03/2022 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia dona María de la Cruz Nieto Peñamaría, co número 586 do seu protocolo.
- Resolución número 441, de data 16/03/2023, de aceptación da cesión dunha superficie de 67,60 m² para o seu destino a viario público no lugar de Ledoño, parroquia de Ledoño, formalizada en escritura pública outorgada o 30/11/2022 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Francisco Manuel Ordóñez Armán, co número 2525 do seu protocolo.

C.I.F. P-1503100-H

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

5.4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

A Presidencia fai uso da palabra e pregunta a todos os asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosqueira quen, unha vez concedido, di que o primeiro rogo vai dirixido ao Sr. Alcalde e a Sra. Iglesias Becerra pois dicía a Sra. Iglesias Becerra que podería ter resolto o recurso sobre A Garrocha na Xunta de Goberno Local para que non se tivese falado no Pleno sobre o fondo desa cuestión, dese caso de escándalo e di que lle entraba a risa xa que ou ben a Sra. Iglesias Becerra minte flagrantemente ou non coñece a Lei porque quen dita o acto contra o que se presenta o recurso do BNG é a Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. Alcalde e se repasara a Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público sabería que a competencia é do alcalde e que é irrenunciable e polo tanto a resolución corresponde ao Pleno, engadindo que aínda que na Lei das bases de réxime local hai un baleiro legal o Tribunal Supremo ten sentenciado en centos de ocasións que *"en tanto no se colme el evidente vacío legal el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de los presidentes de las corporaciones locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento y que no cabe la delegación de tal facultad"* e lle di que ao mellor no lugar de rir debera ter mágoa de que a concelleira Sra. Iglesias Becerra non coñeza a lei ou minta flagrantemente; que o mesmo ocorre co Sr. Alcalde cando di que o BNG non vai ás Xuntas de Goberno Local porque non as cobran ou porque non lles dá a gana, porque teñen dereito a solicitar nas súas empresas e postos de traballo que lles cedesen ese deber inexcusable.

C.I.F. P-1503100-H

Interrompe o Sr. Alcalde para dicir que estes puntos xa foron debatidos e que non vai aceptar que o Sr. Méndez Mosqueira se refira nas preguntas e nos rogos aos mesmos puntos que xa foron debatidos na orde do día e lle pide por favor que as preguntas e rogos que faga sexan de puntos que non teñan que ver cos xa debatidos porque xa houbo unha quenda de intervencións en ambos os dous puntos na cal o Sr. Méndez Mosqueira non pediu a palabra.

Pide desculpas o Sr. Méndez Mosqueira e di que el interpretaba que o ROM os comprometía a todos de igual maneira pero que xa ve que non, que a Sra. Iglesias Becerra pode debater o que queira cando queira e o resto non; remata a súa intervención dicindo que revisen a lei e que non mintan.

5.4.1.- Preguntas presentadas con rexistro de entrada número 2023/3667, de data 28 de marzo de de 2023, polo grupo municipal do BNG:

O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira, procede coa súa lectura segundo o seguinte detalle:

«PREGUNTAS

Tendo coñecemento da reiterada problemática relacionada coa xestión de persoal docente do Conservatorio Profesional de Música do noso concello, sendo trasladada en numerosas ocasións nos últimos meses ao goberno municipal e aos diferentes grupos políticos que compoñen a Corporación Municipal.

Visto o anuncio en prensa anunciando a contratación inminente dun docente na especialidade de piano, queremos preguntarilles:

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

1. Cal é o calendario esperado para a incorporación deste docente?
2. Cal será a modalidade de contratación e a duración do contrato?
3. Cales son os motivos polos que non se optou con anterioridade por esta opción, despois de meses nos que o alumnado non contou con profesorado, mentres as súas nais e pais pagan por clases que os seus fillos non reciben?

Sabendo que este anuncio é só un parche a unha situación de sangría continuada na súa xestión do conservatorio:

4. Qué pasos están a dar para asegurar a cobertura total das prazas docentes para o curso 2023-2024?
5. Cales son os motivos polos que non se convocou aínda proceso selectivo para a praza de profesor/a de fruta recollida na OPE de 2021?»

Intervén o Sr. Alcalde e di que se lle pediu informe ao departamento de Persoal e que cando respondan lle contestarán por escrito.

O Sr. Méndez Mosqueira di que lle gustaría que lle respondese a concelleira de Persoal que está presente no Pleno e que está seguro de que pode dar unha resposta inmediata á pregunta de se está a lista de substitución na especialidade de piano esgotada, é dicir, se renunciaron a traballar todos os docentes que a integran.

Contesta o Sr. Alcalde que lle contestarán por escrito.

O Sr. Mendez Mosqueira di que agardarán a súa resposta e que vai formular outra pregunta rexistrada en tempo e forma para ser respondida no Pleno aínda que xa ve que o goberno municipal non ten interese, do mesmo xeito que non teñen interese para reunirse coa ANPA do Conservatorio; que é unha mágoa que os estean vendo agardar polas súas respostas e que non cumpran coa súa responsabilidade no Pleno.

5.4.2.- Preguntas presentadas con rexistro de entrada número 2023/3668, de data 28 de marzo de de 2023, polo grupo municipal do BNG:

O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira, procede coa súa lectura segundo o seguinte detalle:

«PREGUNTAS

Vista a publicación de persoas inscritas provisionalmente nos procedementos de selección de persoal polo proceso extraordinario de estabilización, queremos preguntarlles:

1. *Hai presentados recursos, alegacións ou impugnacións contra a convocatoria e bases específicas do proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Culleredo, sexa en vía administrativa ou xudicial? Cantos? En relación a que prazas?*
2. *Cando pensan responder a ditos recursos, alegacións ou impugnacións, en caso de que se presentasen?*
3. *Algún destes recursos, alegacións ou impugnacións podería condicionar a relación de admitidos provisionais? En caso de que a resposta sexa afirmativa, cales son*

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

os motivos polos que non se teñen resolto como paso previo á publicación dos listados provisionais de persoas admitidas?

Sendo a xestión do persoal docente no Conservatorio unha cuestión que suscita preocupación entre os seus usuarios, e vendo que non hai admitidos provisionais para a praza de profesor/a de percusión:

- 4. Existe algún recurso, alegación ou impugnación, sexa en vía administrativa ou xudicial, nesta convocatoria en específico? En caso de que a resposta sexa afirmativa, cales son as motivacións e solicitudes en ditos recursos, alegacións ou impugnacións?*
- 5. Cales son os motivos para que aínda non foran resolto?*
- 6. No caso de que ningún aspirante fose admitido, cal será a solución proposta para o curso 2023/2024 para cubrir esta vacante?»*

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que lle contestarán por escrito.

Contesta o Sr. Mendez Mosqueira que é outra oportunidade perdida para responder ás demandas da ANPA do Conservatorio, quedando retratado o goberno municipal.

5.4.3.- Preguntas formuladas "in voce", polo grupo municipal do BNG.

1.- O concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Méndez Mosqueira, di que quere facer un rogo pois o goberno municipal, na súa euforia pre-electoral, na chuvia de formigón e cemento que inunda Culleredo nos últimos meses, pretende venderlle á veciñanza que fai algo dándolle igual levar por diante a quen sexa, non sorprendéndolle xa a ninguén a súa falta de sentido común e de planificación nos investimentos municipais; pregunta se lles parece normal que unha obra como a da cuberta da pista polideportiva de Ledoño, que leva anunciada sete ou oito anos, se teña que levar a cabo neste momento cando conviven as obras cun centro escolar de nenos e nenas menores de seis anos; que no día anterior se reuniron cos pais, nais, avós e avoas que ían recoller aos nenos á saída e que estes lles dicían que non hai un mínimo de planificación e que se a houbese, evidentemente, terían feito esa obra no verán, coincidindo todos en que a planificación responde a que as eleccións municipais son en maio, é dicir, que na planificación do Concello importa máis a euforia pre-electoral que o benestar dos nenos e nenas que van ás aulas naquel centro, que lles importa máis contar votos que planificar esa obra, obra que o BNG ve totalmente necesaria e que tamén leva no seu programa de goberno pero que sen dúbida a tería coordinado coa comunidade educativa do CRAC para atender ao mesmo tempo as súas necesidades xa que o CRAC lles diría que se deben respectar as horas de clase do centro e que se debe manter un mínimo de condicións de seguridade, que debería haber corredores seguros para as entradas e saídas; que mentres estaban alí no día anterior durante a recollida dos nenos estaban entrando formigoneiras e palas; que as obras non contan con condicións mínimas de seguridade, que non están completamente valadas, que están cheas de ferros con punta que pode cravar calquera neno; que se lembra de cando faláron das condicións de seguridade da cuberta caída no parque de As Brañas e que o goberno municipal lle botaba a culpa aos rapaces por entrar na zona valada; que neste caso tamén lle botarán a culpa aos nenos e nenas se algún día hai algún accidente; que se o goberno municipal na súa planificación dése prioridade ás necesidades da veciñanza e non ao reconto de

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

C.I.F. P-1503100-H

votos terían atendido naquela actuación ás reclamacións que o CRAC leva facendo anos como construír un paso a cuberto entre o centro e o parque infantil que está a uns 150 metros e que non poden usar nos días de choiva pero iso non se incorpora ao proxecto; que calquera veciño ou veciña planificaría esta obra mellor que o goberno municipal porque usan o sentido común e eles o que intentan é enganar co cheiro a alquitrán, pero que a cousa non queda aí pois hai unhas semanas vían o mesmo en Celas, na construción do que prometeron que ía ser o Centro de día para persoas maiores e que non vai ser e as mulleres da Asociación As Berenguelas que utilizan o centro colindante ás obras atopáronse sen previo aviso con que non podían acceder ás instalacións e que non se lles ofrecera ningunha alternativa porque vale máis o formigón que as súas actividades e, non contentos con iso, cando lles volveron permitir o acceso tiñan que cruzar un burato de metro e medio de profundidade por unha táboa de madeira que abaneaba, sendo ese o nivel de seguridade nas instalacións e obras municipais porque vale máis o formigón que a seguridade das usuarias. No tocante ao asfaltado da rúa Laxe, di que non se rebaixa o asfaltado vello nin se mira que queden libres as alcantarillas dos pluviais para que non se inunde, dándolles todo igual e que o que queren é botar o formigón xa e o fan xusto no horario de maior tráfico, cando pasan os autobuses dos colexios por alí, sendo os veciños e veciñas desa rúa os que chamaron ao Concello para explicar as burradas que alí se estaban facendo, e nunha mañá tiveron máis capacidade de planificación estos veciños que o goberno municipal en todos os anos que levan dicindo que van asfaltar esa rúa porque da variante a esa rúa, que é a obra realmente necesaria, o equipo de goberno xa se esqueceu; no tocante ás beirarrúas en Vilaboa di que son os veciños e veciñas os que advirten desde xa, antes de rematar as obras, que algunhas das lousas xa se están levantando, e lle pide ao equipo de goberno que lles fagan caso antes de inaugurar a obra; que o goberno municipal está a tempo de recapacitar noutro dos anuncios pre-electorais do Concello, a reforma integral da urbanización Tierno Galván en Acea de Ama, no que o primeiro paso do goberno municipal non foi falar cos veciños e veciñas senón a planificación dun debuxiño e o seu reparto por todas as casas, ao que a veciñanza xa lle está respondendo que é unha absoluta barbaridade perder zonas verdes para perder tamén prazas de aparcamento, pois se anuncia no folleto a reordenación de aparcamentos, máis de cento cincuenta prazas, pero non contan que eliminan máis de trinta coas que agora contan as veciñas e veciños, e non se molestan en integrar nesta reforma unha ordenación máis racional do aparcamento no edificio As Palmeras, anunciando tamén a plantación de árbores e novas zonas verdes pero non que se están a eliminar dúas zonas verdes da urbanización para botar asfalto; no tocante á eliminación de barreiras arquitectónicas di que eliminaron as farolas con pé para eliminar barreiras arquitectónicas e agora as queren volver a poñer; que no tocante á instalación de mobiliario urbano nunca coidaron o existente, non se repuxeron xamais os bancos nin as papeleiras destrozadas e non atenden demandas históricas como a limpeza e coidado do río que está inzado de ratas, algo advertido polos veciños en numerosas ocasións; que sobre a renovación e iluminación dos pasos elevados cara o paseo marítimo non se di nada; remata a súa intervención dicindo que queda clara a planificación do goberno municipal para o Concello, debuxiños e formigón para manter a poltrona de alcalde sen sentido común e sen atender as necesidades da veciñanza; que rogan que se atendan as deficiencias sinaladas en cada unha das actuacións que acaba de nomear e que en proxectos futuros poñan por diante os intereses da veciñanza antes que os propios intereses electorais.

A continuación o sr. Méndez Mosqueira di que ten outro rogo que é a demanda que lle trasladan os veciños de Rumbo que levan anos vivindo en rúas sen alumeadado público

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

alertando desta situación en numerosas ocasións e advertindo da inseguridade pública que lles provoca esta irregularidade; que despois de ter que aguantar a desvergonza de que a resposta do goberno municipal fora que o Concello non tiña a obriga de instalar alumeadado público, veciños desta rúa teñen sufrido roubos nas últimas semanas; que o goberno municipal sabe perfectamente desta situación e da inseguridade que provoca na parroquia a ausencia de alumeadado nas noites e rogan que atendan as súas obrigas mínimas marcadas por lei e instalen de inmediato alumeadado público en todo o viario municipal.

O Sr. alcalde pregunta se hai máis rogos ou preguntas.

O Sr. Chouciño Garrido di que si pero que non sabe se o Sr. Alcalde lle quere contestar a algunhas das cuestións que lle preguntou o sr. Méndez Mosqueira.

Responde o Sr. Alcalde que non porque son rogos e que as preguntas como xa dixo as contestará por escrito.

O Sr. Chouciño Garrido di que entre as resolucións que acaba de ler o Sr. Alcalde hai unha relativa a un recurso dos aspirantes ás cinco prazas de policía local do proceso selectivo que está en marcha, no que se solicita unha rectificación de oficio do procedemento por vicios de orixe no tribunal que motivan dicindo que non cumpre o principio de especialidade, que non cumpre a paridade e en particular refírese á condición do secretario do tribunal que é o xefe de gabinete, unha persoa que se ten calificado a si mesmo como que o seu posto é máis propio de persoal eventual que de funcionario e que, a pesar diso, serve para todas estas cousas; que había informes da secretaria anterior dicindo que no relativo aos tribunais dos procesos selectivos, como órganos colexiados que son, a competencia de secretario correspondería á Secretaría municipal; que esta é unha cuestión que atinxe a todos os que están no Pleno porque están a rexeitar o recurso simplemente cun escrito da Alcaldía, dicindo que lle corresponde ao Alcalde a revisión de oficio e engade que a mesma sentenza á que facía referencia o sr. Méndez Mosqueira é moi recente, do ano 2022 e fai unha compilación de doutrina do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo de moitos anos atrás e que o Tribunal Supremo en casación di "*Respuesta a las cuestiones de interés casacional objetivo: ...recordando que la doctrina que se nos pide fijar en el recurso de casación no opera en vacío, como si fuera un dictamen, sino que ha de estar conectada con la realidad que subyace en las resoluciones administrativas recurridas, con independencia de la interpretación (en este caso errada) que hayan podido realizar los órganos administrativos al resolver la petición y los órganos jurisdiccionales al revisarlos, daremos respuesta a las cuestiones de interés casacional planteadas en los siguientes términos: 1) En tanto no se colme el evidente vacío legal, el órgano competente para conocer de las revisiones de actos nulos de pleno derecho de los Presidentes de las Corporaciones Locales de régimen común es el Pleno del Ayuntamiento. 2) No cabe la delegación de tal facultad*" é dicir que cando o Sr. Rioboo está contestando como alcalde a unha petición de revisión de oficio que invoca a nulidade de pleno dereito, independentemente da súa opinión, de se teñen razón ou non no fondo, ten que sometelo ao Pleno; polo tanto, o primeiro que solicita o BNG é que rectifique de oficio ese acto, que precisamente por partir dun acto dun órgano que non é competente para emitilo é nulo de pleno dereito, que é como se non existira nunca e polo tanto esa resolución, da que se lles acaba de dar conta, ten que ser rectificadada e teñen que levala ao Pleno; que ao ser nulo de pleno dereito o recurso dos aspirantes ás prazas de policía local invocaba a suspensión do procedemento e o procedemento aos 30 días está suspendido polo que lle pide ao

46 de 49

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

gobierno municipal que se fixe nas consecuencias de que ao día 30 estaba suspendido de facto o procedemento, que vexan que actos se emitiron a partir dese momento e que non se emitan máis en tanto non se resolva o recurso; que o BNG tamén quería facer alusión aos vicios de nulidade de pleno dereito que invocan, e quere afondar neste en particular porque os membros do seu grupo coinciden plenamente en que a Secretaría do órgano colexiado dun tribunal selectivo corresponde ao secretario municipal, e cre que no proceso selectivo dun enxeñeiro industrial xa se cambiou a titularidade da Secretaría municipal para que fora o secretario municipal; que a maiores disto, existe unha cuestión máis que tamén vicia de nulidade de pleno dereito e é sobre quen está exercendo de secretario do tribunal pois as bases son moi claras sobre iso e din que o secretario ten que ser un funcionario do grupo A1 de Administración local de Culleredo ou doutro concello e que o Sr. Varela Tejedor segundo as súas informacións é funcionario da Administración do Estado, non funcionario de Administración local e, polo tanto, é inválido para exercer a Secretaría do tribunal polos demais motivos e por este tamén, pedíndolle ao goberno municipal que escolla calquera dos motivos e que, en primeiro lugar, dean por nulos de pleno dereito as respostas que lles dan a estas persoas xa que cre que está ben clara a sentenza do Tribunal Supremo sobre que o competente para resolver o recurso é o Pleno e, en segundo lugar, que cando sometan a coñecemento do Pleno ese recurso teñan en conta esta nova cuestión que lles acaban de dicir desde o BNG; ese é o seu rogo e esperan que o atendan.

C.I.F. P-1503100-H

(*) Co permiso da Presidencia, antes da formulación das seguintes preguntas e rogos e asunto e sendo as 15:42 h., ausentase da sesión do Pleno o Sr. Méndez Mosqueira, concelleiro do grupo municipal do BNG. Son dezasete (17) os concelleiros presentes a partir deste asunto nos asuntos tratados nesta sesión, dos vinteun (21) que constitúe o número legal de membros da Corporación.

5.4.3.- Preguntas formuladas "in voce", polo grupo municipal do PP.

1.- A voceira do Grupo Municipal do PP de Culleredo, Sra. García Gorostizu, di que teñen varias preguntas en relación co Conservatorio de Música e co CRAC; que no día anterior estiveron reunidos tanto co CRAC en Ledoño como coa ANPA do Conservatorio e lle rogan que no relativo ao CRAC teñan unha reunión coa dirección e cos pais para intentar chegar a unha solución e evitar os posibles riscos que puidera haber ao manter agora a obra da cuberta nestas datas nas que os nenos están alí, entrando e saíndo, sendo certo o que se dixo sobre que están alí as formigoneiras, propoñendo os pais mandar aos nenos a outro lugar e chegar a un acordo analizando cal sería a mellor solución para a seguridade deses nenos que é o que lles ten que preocupar a todos. No tocante ao Conservatorio di que seguen a esperar a reunión que o goberno municipal dixo que ían ter coa ANPA para falar de todas as dúbidas que eles teñen, relativas a profesores de piano que están sen cobertura, de frauta, de guitarra, de percusión, e buscar solucións xa que os pais están a pagar diñeiro e son os seus fillos os que están sen recibir esas clases.

A continuación di que ten outro rogo relativo ao entroido deste ano xa que solicitaron as facturas de todas as festas que se fixeron tanto de nenos como de maiores ou da orquestra París de Noia e que lle puxeron á súa disposición todas menos a da orquestra referida; que solicitaron de novo esa factura e lles contestaron que París de Noia veu a Culleredo a actuar gratis; que pediu por rexistro a petición da orquestra para vir actuar gratis e que ten a autorización de Secretaría para que se poña á súa disposición o

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	

expediente e cando entra nel o atopa baleiro polo que pide que se lle diga que pasou pois leva días esperando e non se lle pon a disposición o expediente no que está o rexistro de entrada da solicitude da orquestra nas festas de entroido 2023.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que farán a consulta ao respecto pero que entende que ten que haber una solicitude dos representantes da orquestra para facer esa festa e pregúntalle á Sra. García Gorostizu se puxo en coñecemento da Secretaría municipal que o expediente estaba baleiro ou se esperou ao Pleno para dicilo.

Contesta a Sra. García Gorostizu que se lle puxo a disposición fai dous días e que non puido entrar ata o día anterior e que foi cando viu que o expediente estaba baleiro.

O Sr. Alcalde di que debe de haber algún erro porque os expedientes están aí; que no que se refire ao colexio tanto os técnicos municipais como a empresa e os encargados de seguridade da empresa están a facer os informes pertinentes sobre a estrutura e que en función dos informes que fagan ao respecto falarán coa comunidade escolar novamente para ver que solucións se poden adoptar porque alternativas hai; que respecto ao Conservatorio que xa tiveron a reunión estes días cos responsables da ANPA e que se lles aclararon todas as accións que se fixeron por parte do Concello.

Pregunta a Sra. García Gorostizu que día tiveron a reunión.

Responde o Sr. Alcalde que o día anterior pola tarde.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as quince horas e corenta e seis minutos (15:46 h.) do día expresado "*ut supra*", a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario dou fe.

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral accidental, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27/04/2023, segundo o borrador asinado o día 09/05/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral accidental, que dá fe.

(asinado nesta data pola xefe da Asesoría Xurídica que actuou como secretaria xeral accidental o día da sesión)

Código do documento	Código do expediente
USG17I02TL	USG/2023/49
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
2E1Q 6237 5V1T 091D 008U	